

O SABOR DO SAKE

Yasujiro Ozu, 1961

1250

ESTREA EN NUMAX: 05.03.2020 | V.O.S.E. | +112 min

Shubei Hirayama é un viúvo que vive coa súa filla de vinte e catro anos. Sentíndose vello e acabado, decátase do inxusto que é que a moza viva única e exclusivamente para coidar del e decide casala. Aínda que ela se resiste a abandonalo, acaba facéndoo. Daquela Shubei buscará no licor de sake o refuxio da soidade, o consolo da angustia.

«Tan exquisita e delicada como o resto da súa obra pero coa intensidade engadida de ser a súa derradeira película»

Kate Muir, TIMES



Nada

Por Donald Richie

Kogo Noda escribe sobre este filme: “Mentres el rodaba *Kohayagawa*, a Sochiku perseguía a Ozu pedíndolle o título do seu seguinte filme. El deulles “Sanma no aji”, aínda que non tiña intención de mostrar ningún *sanma* [N do t: especie de peixe xaponés similar á xarda] senón que o filme desprendese o sabor suxerido polo título. Durante a escrita do argumento a nai de Ozu morreu. Foi en febreiro de 1962 e nós estabamos a traballar en Tateshina. Ela levaba tempo na cama cunha neuralxia e non se atopaba ben. Nós suxeríramoslle a Ozu que fose a casa pero el dicía: “Está todo ben, aínda non vai morrer”. El parecía ter a máis firme das convicións de que ela non morrería até facer os 88 anos, algo que sucedería en maio. Despois de regresar a Sarashina, tras o funeral, encontrei o seguinte escrito no seu diario:

No fondo do val xa é primavera,
nubes de cerdeiras en flor,
pero aquí, o ollo lento, o sabor da xarda,
os brotes son melancólicos
e o sabor do sake vólvese amargo.”

O último filme de Ozu é tamén o máis simple de todos. Os ingredientes son os habituais. A narrativa recorda *Outono tardío* (1960) e *Primavera tardía* (1949), as cores son suaves, o punto de vista é invariable. Non falta nada, nada é superfluo. Ao mesmo tempo, neste filme, detectamos unha extraordinaria intensificación da atmosfera. É de novo outono, pero agora un outono profundo. O inverno sempre estivo próximo pero agora é xa no día de mañá. Por outro lado, a mirada de Ozu nunca foi máis xenerosa, máis sabia. Hai neste filme unha suavidade máis forte que a nostalxia. Kogo Noda deixounos este relato dos últimos días de Ozu:

“Nese inverno (1963) estabamos a traballar en *Daikon to Ninjin* (“Rábanos e cenouras”, filmado finalmente en 1964 por Minoru Shibuya), e Ozu volveu a Kamakura porque estaba a escribir un argumento de televisión para a NHK titulado *A aula acabou*. Cando regresou a Tateshina en marzo semellaba fatigado. Pedíulle á miña muller que lle mirase o lado dereito do pescozo porque estaba inflamado. Ningún de nós imaxinou por un momento que fose algo terrible que lle fose quitar a vida. El mesmo non estaba preocupado. Pero cando volveu para Toquio para ser diagnosticado, telefonounos desde un bar, parecía bébedo. Non foi até o 10 de abril que el foi observado por especialistas en Osaka e lle deron entrada no hospital. Despois da operación e do tratamento con cobalto, comezou a ter dores. Despois diso mellorou e o 1 de xullo deixou o hospital e foi convaleciente a Nakanishi. Convidounos a visitalo e parecía animado. “En agosto volverei a Tateshina, o 23 de setembro estarei de volta no traballo”. Pero non foi así. Continúe a esperar un milagre. O 12 de decembro, día do seu 60 aniversario deixounos. Cando falabamos sobre a morte, Ozu dicía que quería morrer dun infarto ou algo similar, morrer sen dor. Os meus ollos arden ao pensar que el debeu sufrir moito”.

Ozu morreu de cancro na noite do seu 60 aniversario. As súas cinzas foron soterradas no templo de Engaku, en Kita-Makakura, preto do lugar onde pasou a maior parte da súa vida adulta. Na súa lápida está inscrito o carácter mu, un termo filosófico habitualmente traducido como “nada”, pero remite ao nada que, na filosofía Zen, é todo.